



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 21  
24 de setembro de 2020



CSV: BOPGDSPGIFJBXgAsiz  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Admisión a trámite da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia

[5808](#)

Admisión a trámite da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria

[5812](#)

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. José Luis Ferro Iglesias (docs. núms. 2209 e 2230)

[5799](#)

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. Rubén Lorenzo Gómez (docs. núms. 2205 e 2208)

[5800](#)

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez (doc. núm. 2229)

[5801](#)

Resolución da Presidencia, do 23 de setembro de 2020, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera (doc. núm. 2303)

[5801](#)

#### 2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 23 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 2389)

[5802](#)



### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se procede á corrección de erros na convocatoria do procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e empregadas da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado por acordo de Mesa do 8 de setembro de 2020 e publicado no *BOPG* nº 13, do 9 de setembro de 2020 [5803](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

### **Admisión a trámite da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 2021 (11/PPLC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia

A Mesa toma coñecemento da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia, e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **Admisión a trámite da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:



Admisión a trámite

- 1962 (11/PPLC-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria

A Mesa toma coñecemento da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. José Luis Ferro Iglesias (docs. núms. 2209 e 2230)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, do 21 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. José Luis Ferro Iglesias, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 12 de xullo de 2020 pola circunscrición electoral de Ourense.



A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, do 21 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. José Luis Ferro Iglesias, con efectos xurídicos desde o 21 de setembro de 2020.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións.

4.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. Rubén Lorenzo Gómez (docs. núms. 2205 e 2208)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, do 18 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Rubén Lorenzo Gómez, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020 pola circunscrición electoral da Coruña.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, do 18 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Rubén Lorenzo Gómez, con efectos xurídicos desde o 18 de setembro de 2020.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



**Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez (doc. núm. 2229)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, do 21 de setembro de 2020, polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D<sup>a</sup> Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, candidata do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 12 de xullo de 2020 pola circunscrición electoral de Ourense.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, do 21 de setembro de 2020, polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D<sup>a</sup> Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, con efectos xurídicos desde o 21 de setembro de 2020.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da Administración electoral.

3º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e de de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Resolución da Presidencia, do 23 de setembro de 2020, pola que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera (doc. núm. 2303)**

Examínase o acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra do 22 de setembro de 2020 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a dona Teresa Egerique Mosquera, candidata do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020 pola circunscrición electoral da Pontevedra, como consecuencia das vacantes producidas pola incompatibilidade sobrevida de D. Silvestre José Balseiros Guinarte e dona María Nava Castro Domínguez, así como da correspondente credencial que a acredita como tal (doc. núm. 2357).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra, do 22 de setembro de 2020, polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, con efectos xurídicos desde o 22 de setembro de 2020.



2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da Administración electoral.

3º. Comunicar esta resolución a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións.

4º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

5º. Dar conta desta Resolución na reunión da Mesa que terá lugar o 29 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 2.2.5. Composición das comisións

#### **Resolución da Presidencia, do 23 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 2389)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 2389, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Baixa: Pedro Puy Fraga

Altas: Teresa Egerique Mosquera

Ovidio Rodeiro Tato

José Luis Ferro Iglesias

— Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Baixa: Elena Candia López

Alta: Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Alta: Raquel Arias Rodríguez





— Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Baixa: Alberto Pazos Couñago

Alta: Raquel Arias Rodríguez

— Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións con Consello de Contas

Baixa: Alberto Pazos Couñago

Alta: Raquel Arias Rodríguez

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de setembro de 2020, polo que se procede á corrección de erros na convocatoria do procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e empregadas da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado por acordo de Mesa do 8 de setembro de 2020 e publicado no BOPG nº 13, do 9 de setembro de 2020**

Advertido un erro na convocatoria do procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e empregadas da Administración do Parlamento de Galicia, aprobado por acordo de Mesa do 8 de setembro de 2020 e publicado no BOPG núm. 13, do 9 de setembro de 2020, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Aprobar e publicar a seguinte corrección de erros:

a) Na alínea c) do punto 1º da convocatoria, onde di:

«Acreditar unha formación mínima de 90 horas para o persoal do grupo A, de 80 horas para o persoal do grupo B e de 60 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas.»

Debe dicir:

«Acreditar unha formación mínima de 90 horas para o persoal do grupo A, de 80 horas para o persoal do grupo B e de 60 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relaciona-



dos coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia.»

Na alínea c) do punto 2º, onde di:

«Acreditar unha formación mínima de 95 horas para o persoal do grupo A, de 85 horas para o persoal do grupo B e de 65 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fora delas.»

Debe dicir:

«Acreditar unha formación mínima de 95 horas para o persoal do grupo A, de 85 horas para o persoal do grupo B e de 65 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia.»

2º. Estas correccións incorpóranse ao texto dos anexos da convocatoria, que quedan coa seguinte redacción:

## PROCESO ORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA

### SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO I

(artigo 7 das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:		
DNI:	Data da toma de posesión no Parlamento*	Servizos noutra Administración ** Si
CORPO OU ESCALA E GRUPO:		UNIDADE ADMINISTRATIVA:

\*no caso do persoal laboral, a data do inicio da súa relación laboral co Parlamento de Galicia

\*\*en caso afirmativo xuntarase certificado de servizos



**Solicita á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO I da carreira profesional.**

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, que xustifican a formación mínima exigida e que se vinculan ao grao I, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentario ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

actividade	horas	acreditación compulsada	consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a empregado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia. **Finalidade do tratamento:** o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitárase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís. **Lexitimación:** o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no art. 6.1 c) do RXPD. **Destinatarios:** a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros. **Exercicio de dereitos:** as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través dos formularios: [http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB\\_formulario\\_proteccion\\_datos.pdf](http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB_formulario_proteccion_datos.pdf), que se poderán remitir ao enderezo de correo e-: **pdcp@parlamentodegalicia.gal**



## PROCESO ORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA

### SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO II

(Disposición transitoria segunda das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:			
DNI:	Data da toma de posesión no Parlamento*	Servizos noutra Administración **	Data recoñecemento do grao I <b>16-01-2019</b>
CORPO OU ESCALA E GRUPO DE CLASIFICACIÓN:		UNIDADE ADMINISTRATIVA:	

\*no caso do persoal laboral, a data do inicio da súa relación laboral co Parlamento de Galicia

\*\*en caso afirmativo xuntarase certificado de servizos

#### Solicita á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO II da carreira profesional.

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, que xustifican a formación mínima exixida e que se vinculan ao grao II, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentario ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

actividade	horas	acreditación compulsada	consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a interesado/a



Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia. **Finalidade do tratamento:** o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitárase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís. **Lexitimación:** o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no art. 6.1 c) do RXP. **Destinatarios:** a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros. **Exercicio de dereitos:** as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través dos formularios: [http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB\\_formulario\\_proteccion\\_datos.pdf](http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB_formulario_proteccion_datos.pdf), que se poderán remitir ao enderezo de correo e-: **[pdcp@parlamentodegalicia.gal](mailto:pdcp@parlamentodegalicia.gal)**

3º. Comunicar este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020  
Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente 1º





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, e ao amparo do artigo 87.2 da Constitución e do artigo 10.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, que permite a posibilidade de exercer, desde o Parlamento de Galiza, a iniciativa legislativa ante as Cortes do Estado, presenta a seguinte **Proposición de Lei orgánica de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galiza á Xunta de Galiza**, para presentar polo Parlamento de Galiza no Congreso dos Deputados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A meteoroloxía cumpre unha función relevante para a sociedade, tanto no plano individual como colectivo. As predicións meteorolóxicas teñen moita importancia en aspecto como a seguridade das persoas e as emerxencias -ao prever fenómenos con grande capacidade destrutiva- na actividade económica de sectores con grande peso na economía galega, como o pesqueiro, o agrogandeiro, o turístico ou industrial. De feito, segundo os cálculos oficiais os custes de predición supoñen un custe equivalente ao 1% do PIB combinado, porén o retorno económico equivale entre o 2% o 7% do PIB.

No ámbito estatal, a Constitución establece no seu artigo 149.1.20 a competencia exclusiva en relación cos servizos meteorolóxicos. Porén o artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades



autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27.32 relativo ás competencias exclusivas establece que poden ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado. É dicir, o feito de non conter o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza a referencia á esta competencia non evita que esta pode ser transferida polo Estado.

No ámbito galego, existe desde hai máis dunha década un organismo - Meteogalicia- encargado de realizar estudos meteorolóxicos. Así, a pesar dos escasos recursos deste ente, ten acreditada a súa profesionalidade, precisión e fiabilidade, moi superior aos organismos estatais. De feito, existe unha demanda social de contarmos con servizo propio de observación, predición e estudo do clima e do tempo.

O clima galego rexistra particularidades e especificidades, contarmos cun organismo específico e propio redundará de maneira positiva no conxunto do pobo galego, non só pola capacidade para podermos realizar unha boa predición meteorolóxica, senón tamén para avanzarmos no estudo en profundidade da evolución dos fenómenos meteorolóxicos específicos da nosa nación.

No actual contexto de cambio e emerxencia climática, é fundamental contar con unha axencia especializada en materia de clima e meteoroloxía, que ademais do traballo de predición meteorolóxica realice estudos e previsións a medio e longo prazo, e que colabore nos plans de mitigación, adaptación e investigación sobra as mudanzas do clima.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Artigo 1. Transferencia dos servizos meteorolóxicos de ámbito estatal situados no territorio de Galiza

Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza as facultades e servizos de meteoroloxía que dependen do Estado e estean situados en Galiza.

Artigo 2. Condicións de execución das competencias que se transfíren

1. O exercicio, por parte da Xunta de Galiza, das funcións descritas no artigo 1 debe axustarse aos principios de eficacia e colaboración.

2. A Administración do Estado e a Xunta de Galiza deben facilitarse reciprocamente o acceso e a xestión da información, coa finalidade de posibilitar unha información sólida de todas as variantes meteorolóxicas necesarias para poder facilitar un prognóstico de calidade.

3. A Xunta de Galiza garantirá a prestación dun servizo público de calidade en materia de meteoroloxía que satisfaga as necesidades de información e meteoroloxía e climática do pobo galego.

Artigo 3. Traspaso de servizos

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e presupostarios necesarios,







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

### Disposición Adicional

O disposto no artigo 3 deberá concretarse no prazo de seis meses.

### Disposición final

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2020 17:31:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei orgánica de transferencias complementarias á Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria**, para que sexa elevada ao Congreso dos Deputados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A demanda de máis autogoberno é unha evidencia maioritaria na realidade social e institucional galega. Máis autogoberno para acadarmos o benestar e darmos pulo á nosa modernización estrutural.

O artigo 150.2 da vixente Constitución posibilita que o Estado transfira ou delegue nas Comunidades Autónomas facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que sexan, pola súa propia natureza, susceptíbeis de transferencia ou delegación. O Estatuto de Autonomía de Galicia, pola súa banda, prevé esta posibilidade no seu artigo 36.1, outorgándolle ao Parlamento, no seu artigo 36.2, a competencia para formular estas solicitudes e determinar o organismo da Comunidade Autónoma ao que se lle atribúa a competencia transferida ou delegada.

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle ás institucións galegas a competencia para a creación dunha Policía Autonómica, competencia que foi actuada e desenvolvida coa creación da Policía de Galicia a medio da Lei 8/2007,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do 13 de xuño. Xa que logo, Galicia conta xa co instrumento preciso para poder desenvolver con garantía as competencias que se transfiren ao abeiro desta leir orgánica, independentemente de que o despregamento das unidades da Policía de Galicia encargadas da xestión do tráfico e seguranza viaria será un proceso que requirirá da colaboración entre as institucións estatais e autonómicas. En calquera caso, o Parlamento de Galicia expresa a súa vontade de que o devandito proceso principie coa meirande brevidade co fin de se completar no horizonte do ano 2010.

A presente transferencia, asemade, vai contribuír directamente á mellor e máis diferenciada atención a unha realidade específica galega, baseada no espallamento dos núcleos de poboación, nas características singulares da súa rede viaria e máis na propia orografía e climatoloxía.

## **Artigo 1 Transferencia de competencias de execución**

Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia as facultades de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, agás as seguintes:

a) A facultade para expedir, revisar e trocar os permisos e licenzas para manexar vehículos a motor e ciclomotores, así como a súa anulación, intervención e revogación.

b) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación, así como a súa anulación, intervención e revogación e, pola súa consecuencia, a





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

autorización de transferencias, duplicados e baixas de vehículos a motor e ciclomotores e máis a expedición de permisos temporais.

## **Artigo 2 Traspasos de servizos**

O exercicio das competencias transferidas será asumido pola Comunidade Autónoma cando teña efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e financeiros precisos, formalizado a medio de acordo da Comisión Mixta de Transferencias e do correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

## **Artigo 3 Intercambio de datos**

As Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia facilitaranse reciprocamente o acceso a cadanseus rexistros de datos persoais en materia de tráfico, respectando sempre o previsto na lexislación estatal vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

## **Disposición Transitoria**

A Policía de Galicia exercerá as funcións de vixilancia do tráfico nas vías interurbanas de Galicia consonte co que se dispoña no seo da Comisión Mixta de Transferencias e o que se aprobe no correspondente Real Decreto de traspasos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Durante o período de tempo preciso para que a Policía de Galicia complete o despregamento dos seus efectivos e naquelas zonas onde este non se levara a efecto, a Garda Civil continuará a exercer as súas funcións de vixilancia das vías interurbanas baixo a dependencia dos órganos competentes da Administración do Estado, que tamén seguirán a tramitar e resolver os correspondentes expedientes de sanción.

### **Disposición Derrogatoria**

Derróganse todas as normas e disposicións que se opoñan ao disposto nesta lei orgánica.

### **Disposición Derradeira**

Esta lei entrará en vigor o mesmo da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2020 11:25:48**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

